



Guía Docente				
Datos Identificativos				2015/16
Asignatura (*)	Formación profesional e mercado laboral		Código	652606611
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	Anual	Primeiro	Obrigatoria	4
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Filosofía e Métodos de Investigación en Educación			
Coordinación	Perea Vega, Gustavo Ariel	Correo electrónico	gustavo.perea@udc.es	
Profesorado	Perea Vega, Gustavo Ariel	Correo electrónico	gustavo.perea@udc.es	
Web				
Descrición xeral	A finalidade desta materia é o estudo da evolución e características do mercado laboral e do deseño e organización da formación profesional.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Analiza a formación profesional, o mercado laboral e as políticas de emprego como un elemento vehicular da formación ao longo da vida: modalidades, vinculación entre as mesmas, organización, sistemas de acceso e saídas profesionais	AP15		
Manexa con soltura a terminoloxía e a información relacionada coa formación profesional, o mercado laboral e as políticas e emprego	AP16		
Fundamenta as argumentacións na clase e nos traballos tendo en conta a evolución da materia	AP17		CM4
Elabora traballos nos que ten que aplicar os coñecementos adquiridos na materia	AP18		CM3 CM4
Aplica o enfoque de xénero na formación profesional	AP18		CM4
Coñece a evolución e características do mercado laboral, analizando criticamente a súa relación coa precarización laboral e a perda de dereitos	AP29		CM4
Elabora traballos nos que ten que aplicar os coñecementos sobre tipoloxía empresarial e sistemas organizativos nas empresas	AP34		CM3 CM4
Busca información sobre a formación profesional e as políticas de emprego usando as TICs	AP16 AP17		CM3
Utiliza as TICs para a elaboración de dossiers, informes e materiais para a materia	AP18 AP34		CM3
Utiliza as TICs nos procesos de simulación de orientación do alumnado	AP18		CM3
Manexa distintas fontes de información que lle permiten exercer unha cidadanía crítica e formular solucións orientadas ao ben común	AP17 AP29		CM4
Planifica as súas necesidades de formación no campo das TICs e da formación e orientación laboral	AP18		CM7

Contidos	
Temas	Subtemas



Tema 1. A formación profesional ao longo da vida	<ul style="list-style-type: none"> - Formación profesional inicial e formación profesional para o emprego - As competencias clave - Recoñemento, avaliación e acreditación das cualificacións - A formación profesional no marco das políticas educativas e de emprego. - Institucións e entidades galegas, estatais e europeas do ámbito da formación profesional - A integración do enfoque de xénero na formación profesional
Tema 2. Mercado laboral e políticas de emprego	<ul style="list-style-type: none"> - Conceptos básicos de referencia - Mercado laboral: concepto e compoñentes - Tendencias na evolución do mercado laboral - Trazos actuais do Mercado Laboral e crise de emprego - Fontes de información sobre o Mercado Laboral - As políticas activas de emprego - As reformas laborais e das pensións: obxectivos, propostas e consecuencias nas condicións e nos dereitos laborais

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Análise de fontes documentais	A15 A16 A17 A29 C4 C7	3	24	27
Portafolios do alumno	A16 A17 A18 A34 C3 C4 C7	0	10	10
Estudo de casos	A18 A34	3	10	13
Sesión maxístral	A15 A16 A17 A18 A29 A34 C3 C4 C7	17	0	17
Proba de ensaio	A16 A17 A18 A29 C4 C7	2	8	10
Presentación oral	A18	5	10	15
Atención personalizada		8	0	8

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais	O alumnado usará fontes documentais bibliográficas e webgráficas para profundizar nas temáticas expostas nas sesións máxístrais, na realización dos estudos de casos, o portafolio e a presentación oral. As webs institucionais son unha parte importante das fontes documentais que se van utilizar.
Portafolios do alumno	O alumnado elaborará un informe sobre as aprendizaxes adquiridas e a súa vinculación coa función docente e orientadora do profesorado da especialidade de FOL. Incorporará ademais os traballos desenvolvidos na aula
Estudo de casos	O alumnado realizará un estudo de caso no que elaborará un itinerario formativo e incorporará a perspectiva de xénero
Sesión maxístral	O profesor exporá dunha maneira sintética e con distinto nivel de profundidade os contidos que se abordan na materia.
Proba de ensaio	O alumnado desenvolverá un ensaio respondendo a unha pregunta realizada
Presentación oral	O alumnado realizará presentacións orais para desenvolver a competencia de falar en público e a capacidade de organización e síntese da información.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Estudo de casos	A atención personalizada está vinculada, principalmente, ós estudos de casos. A súa finalidade é facer un seguimento do traballo do alumnado e proporcionar as orientacións necesarias para a súa realización, poñendo en xogo unha avaliación procesual e formativa.
-----------------	---

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Estudo de casos	A18 A34	O alumnado elaborará un itinerario formativo basándose nun suposto práctico e incorporará a perspectiva de xénero ao mesmo	20
Portafolios do alumno	A16 A17 A18 A34 C3 C4 C7	O alumnado terá que entregar os traballos solicitados e facer un informe final das aprendizaxes adquiridas	40
Presentación oral	A18	O alumnado fará unha presentación oral do estudo de casos	10
Proba de ensaio	A16 A17 A18 A29 C4 C7	o alumnado desenvolverá un ensaio a partir dunha pregunta realizada	30

Observacións avaliación



ACTUALIZACIÓN DO PERFIL PERSOAL: Como máis tarde, na terceira sesión de clase, o alumnado terá que ter actualizado o seu perfil na plataforma moodle, cunha foto actualizada

ASISTENCIA

A asistencia ás sesións presenciais é obrigatoria. O alumnado con asistencia regular, que non acuda a unha clase na que se realice algunha actividade, terá que facela individualmente e entregala na seguinte sesión. Se un/ha alumno/a non acadada o 80% da asistencia, terá unha cualificación de non presentado na primeira oportunidade. A asistencia xustifícase en base a que unha boa parte das actividades de avaliación desenvólvense na aula. Na oportunidade de xullo realizará un exame teórico e práctico. Tamén se poderá acordar a realización dalgúns actividades. Aquelas persoas con matrícula a tempo parcial poderán acollerse a unha modalidade de avaliación específica. Para isto, cómpre solicitar unha titoría, antes ou inmediatamente despois do inicio da materia, co obxecto de establecer as actividades de avaliación e o proceso de supervisión e seguemento.

REQUISITOS PARA APROBAR A MATERIA

A cualificación final será o resultado das puntuacións obtidas nas catro actividades de avaliación: Portafolio do alumnado (4 puntos) Estudio de casos (2 puntos) Proba de ensaio (3 puntos) Presentación oral (1 punto) Para superar a materia é indispensable obter a metade da cualificación en cada unha das catro actividades. Cando non se realice algunha das catro actividades a cualificación será non presentado. Na segunda oportunidade deberán de facerse as actividades de avaliación non superadas. O portafolio do alumnado é unha actividade individual e conterá os seguintes apartados: Aprendizaxes adquiridas na materia (que sabía /que aprendín, utilizando como criterios os resultados de aprendizaxe da materia) Marcador social da materia Reflexión sobre o proceso de aprendizaxe da materia (forma de afrontar o estudo, dúbidas, dificultades e superación das mesmas, cuestións nas que afondar...) Relación/vinculación coas materias do módulo xenérico e nomeadamente coas materias do itinerario de FOL. Aplicación dos contidos da materia na elaboración do TFMA chegas da materia para a observación e análise durante o Practicum Balance de competencias profesionais e ámbitos nos que seguir formándose. Elaboración dun glosario de termos e un mapa conceptual dos contidos da materia. O estudo de casos é un traballo grupal, no que o grupo presentará un cartafol grupal ao finalizar a materia e nas datas que se indiquen, e no que se incluírá: As actividades realizadas en grupo e unha reflexión/valoración sobre as aprendizaxes adquiridas. Auto-avaliación e co-avaliación das tarefas grupais e do funcionamento do grupo. Número e obxectivos das reunións realizadas. Balance sobre o funcionamento do grupo (cambios introducidos para a súa mellora do funcionamento do grupo, fortalezas e debilidades).

FALTA DE INTEGRIDADE ACADÉMICA: Ausencia de citación de fontes
As citas e referencias a calquera tipo de texto deben declararse. O uso de texto literal ou ideas doutros autores ou autoras parafraseadas sen declarar supón o suspenso do traballo en aplicación do artigo 14.4 da Normativa académica de avaliacións, cualificacións e reclamacións, aprobada polo Consello de Goberno do 19 de decembro de 2013, que establece "na realización de traballos, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través de internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade" Os contidos incluídos nos traballos deben estar referenciados ao longo do texto e no apartado de referencias usando as normas APA 6ª edición. O texto literal debe declararse usando as normas APA 6ª edición. No parafraseo deben figurar as fontes orixe das ideas que se re-elaboran. **PLAXIO:** O plaxio en calquera das actividades da avaliación será motivo de suspenso.

FALSIFICACIÓN DUNHA FIRMA: Asinar na folla de asistencia por un/unha compañeira ou compañeiro ausente será penalizado coa perda de avaliación continua.

COPIA NOS EXAMES: O uso indebido de información durante os exames tamén será motivo de suspenso.

NORMATIVA ACADÉMICA DE AVALIACIÓNS, CUALIFICACIÓNS E RECLAMACIÓNS

https://www.udc.es/export/sites/udc/normativa/_galeria_down/academica/Normas_avaliacion_revision_reclamacion_consolidado_1.pdf



Bibliografía básica	<p>BIBLIOGRAFÍA LEY 56/2003, de 16 de diciembre, de Empleo (BOE del 17 de diciembre de 2003). Orden ESS/1897/2013, de 10 de octubre, por la que se desarrolla el Real Decreto 34/2008, de 18 de enero, por el que se regulan los certificados de profesionalidad y los reales decretos por los que se establecen certificados de profesionalidad dictados en su aplicación. (BOE del 17 de octubre de 2013). REAL DECRETO 1128/2003, de 5 de septiembre, por el que se regula la Catálogo Nacional de Cualificaciones Profesionales. (BOE del 17 de septiembre de 2003). REAL DECRETO 1146/2011, de 29 de julio, por el que se modifica el Real Decreto 1631/2006, de 29 de diciembre, por el que se establecen las enseñanzas mínimas correspondientes a la Educación Secundaria Obligatoria, así como los Reales Decretos 1834/2008, de 8 de noviembre, y 860/2010, de 2 de julio, afectados por estas modificaciones. (BOE del 30 de julio de 2011). REAL DECRETO 1147/2011, de 29 de julio, por el que se establece la ordenación general de la formación profesional del sistema educativo. (BOE del 30 de julio de 2011). REAL DECRETO 1224/2009, de 17 de julio, de reconocimiento de las competencias profesionales adquiridas por experiencia laboral. (BOE del 25 de agosto de 2009). REAL DECRETO 1538/2006, de 15 de diciembre, por el que se establece la ordenación general de la formación profesional del sistema educativo (BOE del 3 de enero de 2007). REAL DECRETO 1558/2005, de 23 de diciembre, por el que se regulan los requisitos básicos de los Centros integrados de Formación Profesional (BOE del 30 de diciembre de 2005). Corrección de errores (BOE del 24 de enero de 2006). REAL DECRETO 229/2008, de 15 de febrero, por el que se regulan los Centros de Referencia Nacional REAL DECRETO 34/2008, de 18 de enero, por el que se regulan los certificados de profesionalidad (BOE del 31 de enero de 2008). REAL DECRETO 395/2007, de 23 de marzo, por el que se regula el subsistema de formación profesional para el empleo (BOE del 11 de abril de 2007). REAL DECRETO 751/2014, de 5 de septiembre, por el que se aprueba la Estrategia Española de Activación para el Empleo 2014-2016. LEY 5/2002, de 19 de junio, de las cualificaciones y de la formación profesional LEY ORGÁNICA 5/2002, de 19 de junio de las Cualificaciones y de la Formación Profesional (BOE del 20 de junio de 2002). LEY ORGÁNICA 2/2006, de 3 de mayo, de educación (BOE del 4 de mayo de 2006). LEI 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia. REAL DECRETO-LEY 10/2011, de 26 de agosto, de medidas urgentes para la promoción del empleo de los jóvenes, el fomento de la estabilidad en el empleo y el mantenimiento del programa de recualificación profesional de las personas que agoten su protección por desempleo. (BOE del 30 de agosto de 2011). LEY ORGÁNICA 8/2013, de 9 de diciembre, para la mejora de la calidad educativa. (BOE del 10 de diciembre de 2013). WEBGRAFIA Cedefop (2015). Cedefop. Recuperado o 27/06/2015 desde www.cedefop.europa.eu Eures (2015). Eures. Recuperado o 27/06/2015 desde https://ec.europa.eu/eures/public/es/homepage Eurydice (2015). Eurydice. Recuperado o 27/06/2015 desde http://eacea.ec.europa.eu/education/eurydice/index_en.php Fundación Tripartita (2015). Fundación Tripartita. Recuperado o 27/06/2015 desde http://www.fundaciontripartita.org/ Ministerio de Educación, cultura y deporte (2015). Instituto Nacional de las Cualificaciones. Recuperado o 27/06/2015 desde http://www.mecd.gob.es/educa/incual/ice_incual.html Ministerio de Educación, cultura y deporte (2015). TodoFP. Recuperado o 27/06/2015 desde http://www.todofp.es/ Servicio Español para la Internacionalización de la Educación (2015). Servicio Español para la Internacionalización de la Educación. Recuperado o 27/06/2015 desde http://www.oapee.es/oapee/intro.html Servicio Público de Empleo Estatal (2015). Servicio Público de Empleo Estatal. Recuperado o 27/06/2015 desde http://www.sepe.es/ Xunta de Galicia (2015). Consellería de Educación. Formación Profesional. Recuperado o 27/06/2015 desde www.edu.xunta.es/fp/ Xunta de Galicia (2015). Consellería de Traballo e Benestar. Recuperado o 27/06/2015 desde http://traballo.xunta.es/ Xunta de Galicia (2015). Instituto Galego das Cualificacións. Recuperado o 27/06/2015 desde http://emprego.xunta.es/cualificacions/ Xunta de Galicia (2015). Observatorio ocupacional. Recuperado o 27/06/2015 desde http://traballo.xunta.es/observatorio-ocupacional Xunta de Galicia (2015). Servizo Público de Emprego de Galicia. Recuperado o 27/06/2015 desde http://emprego.xunta.es/cmspro/contido</p>
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente



Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías